



ACTIVIDADES DO MUSEO E DA ASOCIACIÓN

Felipe Arias Vilas



Figura 1

No primeiro trimestre de 2010 quedou rematada a nova montaxe museográfica das salas destinadas á visita pública. Durante os anos 2008 e 2009 foise acometendo unha fonda renovación dos sistemas expositivos do Museo, coa conseguinte selección actualizada dos fondos arqueolóxicos expostos, cunha importante achega de elementos visuais en

forma de monitores e vídeos táctiles e, por último, coa introdución na Sala 3, dedicada ao mundo máis "doméstico" dos antigos poboadores do Castro, dunha maqueta-vídeo (vid. figura 1) que recrea diversos espazos e momentos da vida común dentro das construcións castrexas documentadas neste asentamento.



Figura 2

Complétase así, como dicimos, unha fonda renovación das instalacións do Museo, que debe complementarse agora coa edición dunha nova guía do Museo e do Castro, guía xa redactada e feita a maqueta pero pendente dos recursos económicos necesarios para a súa publicación, que irá en cinco idiomas (galego, español, inglés, francés e alemán) ao igual que a xa esgotada de 1996. Igualmente, a nova montaxe do Museo esixe unha actualización dos programas de Acción Didáctica para os distintos niveis educativos (de infantil a bacharelato), xa practicamente elaborada e pendente tamén dos medios económicos para editar os ditos materiais didácticos.

Con todo, non deixa de ser curioso sinalar que, a pesar da renovación museográfica citada —que fai o Museo máis atractivo e ameno, e achega, ademais, unha maior información sobre o Castro e o seu contexto xeográfico e histórico—, o número de visitantes a este conxunto patrimonial está aproximadamente estancado nos últimos dous anos, con cifras entre as 19.000 e 20.000 visitas no Museo e entre 22.000 e 23.000 no Castro. Incluso no presente Ano Santo Xacobeo non se aprecia aquí un incremento que quizais se podería esperar, aínda que neste caso é de supoñer —e así o indican algúns estudos específicos sobre a materia— que os visitantes foráneos (turistas e/ou peregrinos) se concentran en Santiago e na súa



Figura 3

área directa de influencia e non tanto noutras zonas e comarcas que non están nin na área compostelá nin nas rutas xacobeas recoñecidas (Viladonga queda xustamente entre o Camiño Primitivo do interior e o Camiño Norte ou da Costa).

En calquera caso, algunhas análises neste sentido destacan que tampouco non é menor a incidencia da crise económica no ámbito do turismo máis tradicional, que é onde se advirte unha maior baixada ou estancamento entre os visitantes de Viladonga, por canto os grupos escolares ou doutro tipo se veñen mantendo e igual sucede co público de procedencia máis próxima (lucense ou galega). De todas as formas, como se dixo, o Museo atendeu á súa propia demanda de actualización e segue cumprindo todas as funcións

que lle cómpren por lei e segue atendendo a súa principal misión de conservar, interpretar e difundir o patrimonio arqueolóxico que ten ao seu cargo.

Neste sentido e en relación co Castro, as condicións meteorolóxicas deste ano fixeron obrigada unha acción de limpeza e rozado de vexetación, aínda que non fose moi a fondo pero que si afectase ás zonas do sitio destinadas á visita pública máis habitual.

Unha limpeza máis xeral e profunda, que abranca todas as áreas do Castro quedou incorporada no proxecto de consolidación que está previsto desenvolver no último trimestre deste ano 2010, consolidación e restauración que se realizará sobre varias construcións e barrios do norte e do centro



Figura 4

da croa, como continuación dos traballos realizados en 2008. Nesta campaña non se realizarán traballos de escavación pero, como é obvio, si se farán os labores de control arqueolóxico que esixe calquera intervención deste tipo neste monumento que, hai que lembralo, logo do expediente incoado en data 4 de febreiro de 2009, foi declarado Ben de Interese Cultural por Decreto 441/2009, do 11 de decembro (DOG n.º 251, do 28 de decembro de 2009).

Entre as actividades feitas polo Museo e destinadas maiormente ao público escolar, hai que citar a dos Contos de Nadal (a cargo do grupo Chipiroco Teatro coa obriña *Nadal no bosque*) e a dos Monicreques de Titirimaña (fig. 2) coa produción *A argola dourada*, expresamente preparada para o caso de

Viladonga, ambas as dúas con bo éxito entre o público máis novo.

Así mesmo, e coa habitual colaboración da Asociación de Amigos, preparouse un denso programa para celebrar a Noite dos Museos o sábado anterior ao Día internacional dos Museos (18 de maio). Nesta ocasión, ademais da montaxe dunha pequena pero moi agradecida exposición de fotografías das edicións anteriores desta celebración (de 2005 a 2009), houbo demostración de xogos populares a cargo da Asociación O Cadaval de Pacios, actuacións do grupo local de música tradicional Os Valuros, do zanfoneiro Óscar Fernández e do conxunto vocal lucense Cantar das Eiras (fig. 3), que precederon o habitual refrixerio rematado en queimada e a acostumada visita nocturna

ao Castro, que esta vez resultou mellor ca nunca por mor das boas condicións da noite e a numerosa e activa participación dos asistentes.

Unha vez máis estreitáronse tamén os lazos de colaboración coa Asociación de Amigos da feira de Castro de Rei, nesta ocasión participando activamente na celebración anual vinculada á Ruta do Azúmara que, como é ben sabido, parte do Castro de Viladonga e chega a Castro de Rei a través do monte Cordal e o val do citado río.

Entre as actividades organizadas e feitas pola nosa asociación hai que citar neste ano 2010, ademais da atención continua aos produtos de difusión e divulgación cultural que se espallan desde a Recepción do Museo, a celebración dunha viaxe a sitios arqueolóxicos do norte de Portugal, viaxe realizada entre o 19 e o 21 de marzo e na que se puideron ver, e contrastar, lugares arqueolóxicos como as citanias de Briteiros e Sanfins (cos seus respectivos centros de interpretación ou "museos" (fig. 4), o *oppidum* de monte Mozinho e as interesantes vilas históricas de Braga, Guimarães, Santo Tirso e Amarante.

A nosa Asociación de Amigos está inmersa no proceso de actualización do deseño e contidos do seu sitio web, un dos máis completos e interactivos entre todos os da súa clase, por mor do inxente traballo que o consocio Enrique Montenegro Rúa fixo ao longo de varios anos e que, como dicimos, á hora de actualizar contidos, se revela como un traballo complexo e ímprobo. Agora, e unha vez que a asociación acordou encargar a realización da nova web a unha empresa especializada (Pexego, en Lugo), persoas do Museo e da mesma asociación traballan arreo para poñer na rede os numerosos contidos actualizados, coas xa coñecidas e recoñecidas seccións dedicadas aos Amigos, a todo o relacionado co Castro e co Museo, a publicación electrónica e-Castrexo (que esixirá colaboracións extraordinarias), etc.

O número 19 de CROA, do pasado ano 2009, saíu do prelo con certo atraso por mor de inconvenientes alleos ao propio Museo e vinculables aos trámites que a súa edición por parte da Xunta de Galicia obriga a pasar e que, nalgúns aspectos, retarda e complica a súa publicación. No momento de redactar estas liñas, o que facemos a xeito de memoria de actividades, esperamos que este número 20 vexa a luz sen problemas no ano 2010. En calquera caso, cremos que tanto o Museo como a Asociación están a cumprir moi dignamente os seus respectivos papeis a prol da cultura e do patrimonio chairego e lucense e, pese a todos os atrancos e ás presentes restricións económicas, CROA sae (xustamente no seu vixésimo aniversario), con igual interese en canto ao seu contido e coa mesma vocación de servizo para os seus lectores, lucenses, galegos ou foráneos.

